
BANDO

DO ALCALDE POLO QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA O COVID-19

Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, en cumprimento do establecido no artigo 124.4 g) da Lei 7/1985, de 5 de abril, reguladora das bases do réxime local, FAGO SABER que en data 13 de marzo de 2020 ditouse o seguinte decreto do alcalde:

“Vistas as medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública e para responder ao impacto económico do COVID-19 e as recomendacións de saúde pública compre establecer como medida preventiva a clausura dos centros sociocomunitarios, centros deportivos de xestión directa municipal e parques infantís.

É competencia da alcaldía a adopción de medidas necesarias e adecuadas nos casos de extraordinaria e urxente necesidade polo que de conformidade co establecido no artigo 124.4.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, DECRETO:

PRIMEIRO.- Ordenar a suspensión de todas as actividades organizadas polo Concello de Pontevedra.

SEGUNDO.- Ordenar a clausura dos centros sociocomunitarios, equipamentos culturais, centros deportivos de xestión directa municipal e parques infantís no termo municipal por tempo indefinido mentres dure a situación e ata novo aviso.

TERCEIRO.- Recoméndase a cidadanía que as xestións que deba realizar co Concello as realice por vía telefónica ou electrónica.

A atención ao público nas dependencias municipais limitarase só aos casos de extrema necesidade, chamando con anterioridade para verificar a dita necesidade. As consultas co concello realizaranse chamando aos teléfonos **986804300** e **986100185** ou no enderezo electrónico sede@pontevedra.eu.

Así mesmo, os trámites efectuaranse a través da sede electrónica do concello sede.pontevedra.gal.

Na porta do Concello e na páxina web oficial www.pontevedra.gal atoparase un directorio coas extensións e correos electrónicos dos distintos servizos e dependencias municipais.

Recomendase seguir as instrucións do Ministerio de Sanidade e da Consellería de Sanidade e no caso de ter algún síntoma contactar co 900400116.

Así o decreta e ordena o Excmo Sr Alcalde, en Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da administración municipal”

O que se fai público para xeral coñecemento e se recorda que é de obrigado cumprimento.

En Pontevedra, 13 de marzo de 2020.
